Plan de Convivencia

V 2.3
06/06/2020

Índice

1. Introducción 5

2. Análise da situación, a partir dun diagnóstico previo da convivencia no centro educativo 5

2.1 Características do centro e do seu contorno que contextualizan a intervención educativa 5

2.2 Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia 7

2.3 Estado das relacións e participación na vida do centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal non docente e de atención educativa complementaria, así como doutras institucións e entidades do contorno 8

2.4 Conflitividade detectada no centro, indicando o tipo e número de conflitos que se producen e os sectores implicados nestes 9

2.5 Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas 10

3. Obxectivos específicos derivados da análise previa 10

4. Actuacións, medidas e programas favorecedores dunha convivencia de calidade 11

4.1 Actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras 12

4.2 Actuacións para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso 15

4.3 Protocolo de Absentismo 17

4.4 Actuacións formativas, para o profesorado e a comunidade educativa, establecidas nos plans de convivencia 17

5. Normas de convivencia do centro 18

6. Condutas contrarias á convivencia e medidas correctoras a aplicar (Decreto 8/2015, 8 xaneiro) 23

6.1 Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección 24

6.2 Condutas leves contrarias á convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección 30

6.3 Criterios para a elección do instrutor (Procedemento común) 31

6.4 Gradación das medidas correctoras 32

6.5 Procedemento conciliado 32

6.6 Prescrición de condutas e de correccións (art. 56) 34

6.7 Reparación de danos causados 34

6.8 Compromisos educativos para a convivencia 35

7. Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro 36

8. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno 36

9. Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia 37

10. Procesos de seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan de convivencia 38

Seguimento e avaliación 38

Criterios de avaliación e documentos 38

1. Introducción

O Plan de Convivencia do IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez forma parte do Proxecto Educativo do centro. Foi elaborado coa colaboración dos membros da Comisión de Convivencia, estando o Consello Escolar puntualmente informado ao longo de todo o proceso.

Tamén se tiveron en conta as propostas do claustro na elaboración dun documento cuxo obxecto é desenvolver hábitos e potenciar valores propios dunha cidadanía responsable e dunha convivencia cívica como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

Referente normativo

O referente normativo deste Plan de Convivencia:

- LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG, Venres, 15 de xullo de 2011)
- DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG, 27 de xaneiro de 2015).

2. Análise da situación, a partir dun diagnóstico previo da convivencia no centro educativo

2.1 Características do centro e do seu contorno que contextualizan a intervención educativa

Ubicación

O IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez está situado ás aforas da vila de A Estrada, na zona deportiva a 1,5 Km. do casco urbano, a carón dos outros dous institutos de secundaria que ten tamén este pobo. O recinto escolar está cercado e consta dun edificio principal con tres andares, ximnasio, talleres de automoción, e complétase isto coa zona verde e as pistas deportivas onde o alumnado pasa os tempos de lecer.

Ademais, o centro utiliza espazos, situados nas inmediacións do recinto escolar e cedidos pola Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada, para impartir algúns dos ciclos da familia profesional de Madeira, moble e cortiza.

Por outra parte, até o curso 2019-2020 tamén se imparten algúns dos módulos do CM Emerxencias e protección civil en instalacións da Academia Galega de Seguridade Pública.

Neste centro impártense cursos de Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO), Bacharelato, Ciclos Formativos de grao profesional básico, medio e superior, Ensinanzas de Adultos e dende o curso 2008/2009 impártense ensinanzas de idiomas, como Sección da Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra.

Ademais, ao abeiro de acordos de colaboración entre as administracións educativa e laboral da nosa Comunidade Autónoma, véñense ofertando cursos de formación para o emprego (AFD).

Horario escolar

Horario Lectivo

Debido a variedade de estudos que se dan no centro, teremos diferentes horarios segundo as ensinanzas existentes:

- ESO, Bacharelato e FPB
  - Mañá: dende as 8.45 h ata as 14.25 h. Seis sesións de cincuenta minutos con dous descansos de vinte minutos.
  - Tarde: martes: dúas sesións de cincuenta minutos, dende as 16.30 h ata as 18.10 h.
- Ciclos formativos de grao medio e superior
  - Mañá: dende as 8.45 h h ata as 14.25 h. Seis sesións de cincuenta minutos con dous descansos de vinte minutos.
  - Tarde: martes e xoves, tres sesións de cincuenta minutos, dende as 16.30 h ata as 19.00 h.
- ESO e Bacharelato de adultos
  - De luns a venres de 17:00 a 22:00.
- AFD
  - Utilizan os espazos e equipamentos dos ciclos formativos, en horario de tarde para non interferir con esas ensinanzas.

Horas e condicións da dispoñibilidade de uso das instalacións para o alumnado

A biblioteca do centro permanece aberta durante todo o horario lectivo sempre que haxa un profesor de garda. O servizo de cafetaría ten o mesmo horario que o centro. O centro abre polas mañás as 8,15, xa que antes non hai profesorado de garda de custodia, e pecha as 22.00 horas.

Horas e condicións en que o centro permanecerá aberto para a comunidade escolar fóra do horario lectivo

O centro permanece aberto e a disposición da comunidade educativa dende as 8.45 ata as 22.00 horas (excepto dende as 15.00 ata as 16.00), sempre que non interrompa a actividade lectiva. As reunións da ANPA son pola tarde como norma xeral.

Horario de verán

O centro permanece aberto o público no mes de Xullo de 10.00 horas a 14.00 horas. No mes de Agosto permanece aberto ao público de 10.00 horas a 12.00 horas. En Xullo e Agosto estará sempre como mínimo de garda un membro do equipo directivo do centro.

Centros adscritos

O alumnado de referencia do noso centro educativo para cursar a ESO ven do CEIP Figueiroa, centro adscrito agás imprevistos de alumnos trasladados, cambio de domicilio dos pais, etc. O CEIP de Figueiroa ten a seguinte área de influencia:

- Matalobos
- Toedo
- Santeles
- Aguións
- Paradela
- Ribeira
- Moreira
- Callobre
- Lagartóns
- Guimarei

- A Somoza
- Ouzande
- Vinseiro
- Cereixo
- Figueiroa
- A Estrada (zona próxima)

2.2 Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia

Dentro dun grupo humano calquera, como é, neste caso, a comunidade educativa, unha grande parte dos conflitos aparecen como consecuencia da diversidade, entendida esta da maneira máis ampla. Neste ámbito, a diversidade maniféstase dos seguintes xeitos.

a. Diversidade de idades. O rango de idade nun centro como o noso é enorme, tendo alumnado con 11 anos (os máis de novos de 1º de ESO), adolescentes ata 18-19 anos en 2º de bacharelato, maiores de idade con todo o rango posible nos seis ciclos formativos diferentes, tendo alumnos e alumnas de máis de corenta anos. Polas tardes, asisten ademais alumnos e alumnas ás ensinanzas de réxime de adultos como son a ESA e o bacharelato semipresencial e a Escola Oficial de Idiomas.

b. Diversidade de tipos de ensinanza. No centro conviven entre 8 e 10 grupos de ESO (dependendo de se hai grupos de PEMAR ou non), 4 grupos de bacharelato, 6 grupos de Formación Profesional Básica de dous ciclos diferentes, 6 grupos de Formación Profesional de Grao Medio correspondentes a 3 ciclos diferentes e 2 grupos de Formación Profesional de Grao Superior. Ademais, hai 3 grupos de Ensinanza Secundaria de Adultos, en réxime presencial e semipresencial, 4 grupos de bacharelato semipresencial e, aínda que non pertence ao centro, o alumnado da Escola Oficial de Idiomas recibe aquí as súas clases, co cal, a efectos de convivencia é como se fose parte do noso instituto.

c. Diversidade de procedencias. O alumnado do Losada é moi diverso, sendo isto un dos seus sinais de identidade. É o centro de referencia de grande parte do rural da bisbarra, co que abrangue unha área xeográfica moi diversa, pero ademais conta cunha ampla representación do alumnado da vila da Estrada. Ademais, o alumnado do ciclo formativo provén de moi diversas partes da xeografía de Galicia, e no ciclo de Emerxencias e Protección Civil, de todas partes de España, ao ser o Losada un dos poucos centros educativos que imparte este ciclo de formación profesional.

d. Diversidade de espazos. As instalacións do noso centro son moi diversas, xa que ten aulas convencionais, de ordenadores, laboratorios de ciencias, aula de música, aulas-taller de automoción, informática, administrativo e madeira, e ximnasio, que son específicas de certas materias ou ciclos formativos, e outros comúns, onde conviven e interactúan todos os membros da comunidade educativa como son os patios e as zonas de entrada ao recinto, o recibidor, a cafetería e o salón de usos múltiples. Ademais, parte destas instalacións, como os talleres de madeira, están en edificios fisicamente separados e afastados, o cal dificulta a xestión e a organización tanto dos espazos como do grupo humano.

e. Diversidade de perfís profesionais. No centro traballan 67 docentes, 3 conserxes, 2 administrativas e 3 persoas que se ocupan da limpeza, así como unha persoa a cargo da cafetería.

Por outra banda, non é a diversidade o único ingrediente de desencontros, senón tamén,

por exemplo, a orde de magnitude dos grupos. Un grupo de mais de 70 profesionais ten que traballar con case 600 alumnos e alumnas nuns espazos físicos que aínda que diversos, son reducidos, e cun número moi pequeno de aulas, o cal dificulta a organización e o reparto dos espazos, xerando roces e conflitos de diversos tipos e magnitudes.

As diferenzas de puntos de vista e maneiras de ser das persoas, inevitables e por outra parte necesarias na convivencia cotiá son o terceiro grande motivo de conflitos no seo de calquera grupo humano.

Dende o punto de vista da xestión e organización do centro, para minimizar na medida do posible todos estes motivos de posibles conflitos, lévanse a cabo diferentes estratexias.

A diversidade é entendida dende o punto de vista positivo por todo o bo que aporta, e traballada dende o punto de vista educativo nas sesións de titoría, nas actividades complementarias, e, transversalmente no quefacer diario dos docentes de todas as materias, xa que é un elemento no que se fai especial fincapé a nivel de centro.

Dende o punto de vista organizativo trátase de facer os grupos de alumnado o máis heteroxéneos e diversos posible, tentando, sempre dentro do posible, de equilibrar os grupos por sexos, alumnado repetidor, de reforzo, etc.

No que se refire á xestión dos espazos téñense moi en conta aspectos como o reparto das aulas ou a confección dos horarios (uso de aulas específicas só para o uso para o que están destinados, mínima itinerancia dos alumnos dunhas aulas a outras no transcurso do día e da semana, itinerancia do alumnado de ciclos entre diferentes edificios, etc).

Por último, no que se refire ao máis difícil, que son as diferenzas persoais, a filosofía deste centro basease na resolución de conflitos promovendo un talante de diálogo, o que organizativamente se traduce nunha disposición horaria do equipo directivo para estar á disposición da comunidade educativa o maior tempo posible.

Hai que destacar que incluso dada esta casuística, o nivel de conflitividade mantense ao mínimo, dándose, na meirande parte dos casos, no grupo de iguais, e resolvéndose, habitualmente con medidas educativas e diálogo. Aínda así, hai un certo número de casos nos que, desgraciadamente hai que recorrer a medidas disciplinarias máis graves como a apertura de expedientes, pero, unha vez mais, hai que destacar que este número é bastante reducido dadas as características do centro.

2.3 Estado das relacións e participación na vida do centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal non docente e de atención educativa complementaria, así como doutras institucións e entidades do contorno

A vida do centro, máis alá do meramente académico e da convivencia cotiá nos espazos común, ven marcada polas actividades extraescolares máis salientables como son o grupo de teatro escolar Avelaíñas Teatro, o Coro IES Antón Losada Diéguez, e os clubs de lectura, xa que calquera deles ten unha destacada representación de alumnado e profesorado de moi diferentes cursos e ofertas educativas e de moi diversos departamentos.

Concretamente, no grupo de teatro escolar participan uns 60 alumnos e alumnas de 8 cursos diferentes e 4 ofertas educativas distintas, e 4 profesores de 4 departamentos diferentes.

No coro cantan aproximadamente 20 alumnos e alumnas de 4 cursos diferentes e 3 ofertas educativas distintas, e 8 profesores de 7 departamentos diferentes.

Por último, aos clubs de lectura asisten ao redor de 40 alumnos e alumnas de 6 cursos

diferentes e 3 ofertas educativas distintas, e 4 profesores de 4 departamentos diferentes.

As familias teñen unha presenza moi escasa na vida escolar, fóra das preceptivas entrevistas cos titores e titoras ou xefes de estudos e asistencia a algunha das representacións do grupo de teatro. A asociación de pais e nais practicamente desaparecera ata hai dous anos que se refundou e os representantes no Consello Escolar acoden a todas as reunións do mesmo.

De todos os xeitos, o grupo de titores realiza unha reunión ao principio do curso con todos os pais, nais e responsables do alumnado da súa titoría, para expoñerlles as diferentes cuestións que teñen que ver co novo curso, en o grupo e logo, en privado, as que teñen que ver con cada alumno e alumna.

Con respecto ás institucións e entidades do contorno, o equipo directivo do centro mantén comunicacións fluídas e colaboración constante coas entidades máis relevantes:

a. Co Concello, a través, sobre todo do departamento de Servizos Sociais, coa atención e seguimento de alumnos e alumnas con situacións persoais e familiares que así o motivan, e a través de programas educativos con obradoiros para grupos no propio centro.

b. Co departamento de Cultura do Concello, por medio dun convenio de colaboración que, entre outras cousas, subvenciona ao alumnado a asistencia a representacións teatrais.

c. Coa Policía Local e a Garda Civil, con colaboracións fluídas que teñen que ver co mantemento da orde, o cumprimento da lexislación e con campañas educativas e formativas como a do Plan Director.

d. Co Centro de Saúde, ao formar parte da Mesa pola Saúde, experiencia que arrancou no Concello da Estrada ao final do curso 2018-19.

e. Coa Fundación de Congresos e Exposicións da Estrada, en cuxas instalacións se imparten as ensinanzas da familia profesional de Madeira, moble e cortiza.

2.4 Conflitividade detectada no centro, indicando o tipo e número de conflitos que se producen e os sectores implicados nestes

Tomando en consideración o descrito no apartado 2.2, hai que indicar que os niveis de conflitividade son baixos, tanto polo número de conflitos e a cifra de estudantes implicados como pola gravidade dos feitos.

Durante os dous últimos anos académicos, 2017-2018 e 2018-2019, das comunicacións de condutas contrarias ás normas de convivencia notificadas á Xefatura de Estudos , o número de faltas leves superaba ás faltas gravemente contrarias ás normas de convivencia. O tipo de conflito máis frecuente ten que ver con todas aquelas condutas que alteran o normal funcionamento das clases e que gardan relación con faltas expresamente tipificadas na folla de comunicación de condutas contrarias ás normas de convivencia. Así, por orde de importancia as máis habituais son: Cometer actos inxustificados que perturben o normal desenvolvemento das actividades lectivas, faltar ao respecto do dereito ao estudo dos seus compañeiros e rexeitar seguir na aula as orientacións do docente. Dentro do que serían comportamentos gravemente contrarios ás normas de convivencia atopamos os seguintes: Cometer un acto de indisciplina, inxuria, ofensas, falta de respecto a unha profesora ou alumna. Concretamente, cabe destacar as faltas de respecto dos alumnos ás docentes e ás alumnas. Outro tipo de accións contrarias ás normas de convivencia atinxe á saída non autorizada do recinto escolar en horario lectivo. Outro conxunto de condutas graves son escasas; por exemplo, as

agresións físicas, o deterioro intencionado das dependencias ou do material do centro escolar ou o desafío á autoridade do profesorado.

Respecto do alumnado que con maior frecuencia incorre nesta clase de comportamentos lesivos para a convivencia escolar destaca o alumnado da segunda etapa da ESO e o de FPB. Nos cursos de BACH a conflitividade é moi reducida. Pola súa parte, esta conflitividade atópase practicamente ausente, agás casos moi puntuais e illados, nas ensinanzas de adultos e nos ciclos formativos medio e superior, así como no primeiro curso da ESO.

2.5 Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas

As actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia de carácter preventivo, educador, corrector e reparador implican un traballo coordinado, principalmente, polo profesorado-titor, o Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos na hora de coordinación de titorías. A filosofía de fondo que rexe as actuacións no ámbito da convivencia está inspirada por tres ideas-accións principais de carácter eminentemente educativo, a saber: prever, corrixir e reparar.

- Prevención: Evitar os comportamentos contrarios ás normas de convivencia do centro. Partindo da asunción de que as normas e o respecto ás normas non son un fin en si mesmo, senón o medio mediante o que se expresa e manifesta o respecto cara aos membros da comunidade educativa.
- Corrección: O carácter reeducador das medidas correctoras aplicadas inspírase a súa vez na idea-acción de que a finalidade de tales medidas non é simplemente sancionadora (non se trata dun castigo), senón educadora: busca corrixir un comportamento lesivo para a convivencia; de aí tamén o seu carácter corrector.
- Reparación: Por último, as medidas dirixidas a evitar e corrixir as condutas contrarias á convivencia teñen un propósito reparador dos danos causados á comunidade educativa na persoa de calquera dos seus membros, tanto no que atinxe á súa integridade moral como física.
- As actuacións específicas relacionadas coas medidas correctoras e reparadoras aparecen detalladas no punto 3.1. deste Plan de Convivencia. En relación con estas actividades, cabe adiantar neste apartado que teñen que ver con toda unha serie de intervencións moi variadas (charlas, obradoiros, teatro, coro, etc.) e de carácter xeralmente interdisciplinar e que involucran a diferentes cursos e niveis educativos.
- Respecto da efectividade deste conxunto de medidas depende principalmente de varios factores, por orde de importancia, a resposta das familias, a actuación do profesorado-titor e o seguimento das medidas adoptadas. No que atinxe a este último punto, un dos retos que ten ante si a comunidade educativa pasa por verificar e asegurar o cumprimento de parte do traballo educativo que comporta a medida correctora da conduta. Razón pola que sería desexable arbitrar algún tipo de protocolo específico que trasladara a comprobación no día a día do cumprimento das medidas que foron decididas, especialmente as que implican a realización de tarefas tanto en horario lectivo como extraescolar.

3. Obxectivos específicos derivados da análise previa

Tras unha análise da situación do clima de convivencia, establecemos os seguintes obxectivos específicos:

a. Consolidar a formación permanente do profesorado en temas relacionados coa convivencia a través do PFPP e fomentar a participación no mesmo.

b. Modificar os protocolos de organización e xestión na medida que se considere que favorecen a convivencia.

c. Actualizar os documentos involucrados na convivencia a medida que se modifiquen os correspondentes protocolos.

d. Realizar as accións precisas para a difusión e o coñecemento do plan de convivencia a as NOFC.

e. Consolidar as actuacións relacionadas coa convivencia que se están a desenvolver no centro.

f. Realizar un seguimento e detección do clima da convivencia no centro para coñecer as necesidades do mesmo, así como as súas fortalezas.

g. Manter en funcionamento, renovar e promover o equipo de mediación, integrado por diferentes membros da comunidade educativa.

h. Proporcionar ao alumnado estratexias e ferramentas para a prevención, detección e actuación diante de situacións de acoso escolar.

i. Revitalizar a participación das familias na vida no centro.

j. Establecer as condicións propicias para a creación dunha aula de convivencia inclusiva.

4. Actuacións, medidas e programas favorecedores dunha convivencia de calidade

Entre as actuacións, as medidas ou os programas que se poden desenvolver para favorecer a convivencia enuméranse os seguintes:

1. Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación. Debe considerarse, especialmente, a organización do centro e da aula; a coordinación das actuacións docentes; a programación e desenvolvemento do currículo; as estratexias metodolóxicas; a avaliación do progreso do alumnado e da práctica docente; e as actividades complementarias e extraescolares.

2. Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa, incluída a formación co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.

3. Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia, incluíndo a difusión de normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá.

4. Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar, que incorporará, como mínimo, as seguintes previsións:

a. Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.

b. Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exterioriza-
ción das situacións de acoso escolar.

c. Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórlle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación, pola persoa titular da dirección do centro, dunha persoa responsable da atención á vítima de entre o persoal do propio centro docente. Esta designación procurarase que, cando sexa posible, recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.

4.1 Actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras

Actividades do plan de acollida

Actividades para o alumnado procedente de primaria

No mes de maio farase unha xornada de acollida para o alumnado do centro adscrito con:

- Recepción na aula de usos múltiples coa entrega de documentación.
- Presentación do Equipo directivo
- Información polo Departamento de Orientación das características da nova etapa.
- Presentación de dous alumnos do curso anterior, que comentan a súa experiencia.
- Percorrido polas instalacións.
- Peche do acto na cafetería.
- Enquisa de grao de satisfacción coa sesión.

No mes de xuño farase a acollida dos pais, nais ou titores/as legais do alumnado procedente do centro adscrito, coa seguinte orde do dia:

- Presentación do Equipo Directivo e da ANPA.
- Recepción na aula e entrega de documentación, incluíndo o modelo de solicitude para darse de alta na ANPA.
- Información polo departamento de Orientación das características da nova etapa.
- Percorrido polas instalacións.
- Enquisa de grao de satisfacción coa sesión.

No mes de outubro, á sesión de avaliación inicial asistirán os titores do curso anterior de sexto de primaria e o responsable do Departamento de Orientación.

Actividades de acollida para todo o alumnado

Realizarase no mes de setembro unha reunión previa de coordinación de Xefatura de Estudos , Departamento de Orientación e profesorado titor, na que:

- Xefatura de Estudos dá as instrucións xerais.
- Departamento de Orientación entrega as carpetas de titorías e explica a documentación relevante para facer as sesión de acollida.

O primeiro día de clase recibirase ao alumnado no salón de usos múltiples, abordando os seguintes contidos:

- Presentación de cargos directivos.
- Instrucións xerais ante o novo curso.

- Presentación do profesor titor.
- Na aula, cada titor fai unha sesión de acollida cos materiais aportados por Xefatura de Estudos e Departamento de Orientación.

Actividades que incorporen aspectos que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepto, a autoestima e a educación afectiva-sexual

No ámbito destas actuacións educativas cobra especial relevancia o labor do profesorado-titor nos cursos da ESO e a FPB. Efectivamente, as actividades son planificadas na hora semanal de coordinación de titorías, conxuntamente co Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos . Posteriormente, e con carácter ordinario, esta programación materialízase na aula nas horas de titoría. Estas actuacións de carácter ordinario compleméntanse con outras intervencións máis específicas e que implican a participación de varios cursos. Por exemplo, as que gardan relación co Plan Proxecta, a saber, Quérote +. Dende o ano académico 2017-2018 implementouse no centro escolar este programa do Plan Proxecta que atende á educación afectiva e sexual dos adolescentes. Os destinatarios destas actividades son o alumnado de 3ºESO e 1ºFPB. As intervencións son planificadas e programadas na hora semanal de coordinación de titorías, por parte das profesoras-titoras, o orientador e o xefe de estudos e lévanse a cabo, principalmente, nas horas de titoría.

Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero

- Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller: Actividades interdisciplinares dirixidas ao conxunto da comunidade escolar para concienciar sobre a violencia machista e analizar as súas causas e xeitos de combatela.
- 8 de Marzo: Actividades interdisciplinares dirixidas ao conxunto da comunidade escolar para visibilizar a loita do movemento feminista a prol da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Charlas e obradoiros en 2ºESO sobre a violencia machista en colaboración cos servizos sociais e de educación do concello.

Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de etnia, sexo, procedencia e condición persoal ou social

Ámbitos nos que se poñen en marcha actividades puntuais como charlas-coloquio que pretenden lograr unha toma de conciencia do respecto á diversidade.

Programa de adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo

- Mediación escolar: No curso 2016-2017 un grupo de estudantes recibiu unha formación voluntaria en resolución de conflitos a través da mediación entre iguais. A partir do curso seguinte, puxéronse a traballar: fíxose unha presentación dos alumnos mediadores nas horas de titoría dos cursos da ESO co obxectivo de que os escolares tivesen coñecemento da mediación entre compañeiros.
- Actividades para o desenvolvemento das competencias sociais e a resolución pacífica e democrática dos conflitos: Inclúense neste apartado unha diversidade de intervencións educativas que combinan a formación en hábitos de saúde coas dinámicas cooperativas e o traballo colaborativo. Por exemplo, Clases sen fume, enmarcadas do Plan Proxecta e o Programa de habilidades sociais en primeiro da 1º ESO; este último en colaboración co Concello de A Estrada. Outra actuación neste mesmo ámbito é Somerxidos no mundo dixital en colaboración co Concello de A Estrada, en 2º ESO, desenvolvemento de habilidades sociais no ámbito das redes sociais. Neste grupo de actuacións hai que destacar así mesmo a Prevención Drogodependencias: Intervencións en 4ºESO sobre o consumo de alcohol e cannabis en colaboración cos servizos sociais e de educación do

concello. Finalmente, no ámbito das actuacións relacionadas coa promoción do traballo en equipo, a formación das competencias sociais e, con carácter xeral, a educación para a paz e a convivencia hai que facer mención as diversas actividades desenvolvidas polo coro do instituto, o grupo de teatro e a biblioteca escolar.

Aula de convivencia inclusiva

No artigo 25 do Decreto 8/2015 regúlase o réxime de funcionamento das aulas de convivencia inclusivas, previstas no artigo 19.3 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Dita aula, para cumprir axeitadamente o cometido para o cal está concibida, deberá ter un protocolo claro e completo. De non ser así, converteríase nun simple espazo onde apartar ao alumnado que molesta na clase, o cal, non só non é o seu obxectivo, senón que é contrario á normativa. A aula de convivencia é un recurso de atención educativa, e non un espazo de castigo.

En dito protocolo, debe quedar claramente especificado:

- Os criterios a ter en conta á hora de decidir a derivación dun alumno ou alumna á aula de convivencia.
- En que sesións deberá acudir.
- A duración da medida.
- Que profesorado poderá estar encargado da aula. Tratarase de profesorado que terá que traballar co alumnado derivado, non só vixiado. Deberá ser profesorado motivado e comprometido para este traballo.
- Que tipo de traballo se levará a cabo co alumnado derivado. Non se trata só de apartar ao alumnado con tarefas para facer. O alumnado derivado necesita un tipo de traballo específico.
- Con que recursos contará a aula de convivencia inclusiva, tanto dende o punto de vista de materiais didácticos como dende o punto de vista de infraestrutura ou equipamento.
- Que espazo se destinará a este fin.
- A derivación á aula de convivencia inclusiva é unha medida que, segundo o Decreto 8/2015, deberá ser utilizada tras resolución ditada polo director ou directora do centro, e deberá supor un recurso alternativo, extraordinario e eficaz, polo que ten que contar con:
- Un espazo acondicionado e equipado para ofrecer un ambiente diferente no que desenvolver un medio de traballo distinto e tentar conseguir o que non se consegue cos medios e espazos tradicionais.
- A colaboración indispensable do departamento de orientación tanto á hora de deseñar o protocolo como á de levalo á práctica.
- Profesorado motivado, comprometido e suficiente para manter a aula atendido en calquera momento do horario lectivo. Non é suficiente co profesorado que simplemente estea de garda, senón que deberá traballar activamente co alumnado derivado.
- Un espazo dispoñible e axeitado para as funcións que vai cumprir. Deberá ter unhas condicións e situación no centro que favorezan o seu uso de maneira eficiente e eficaz.

Por tales motivos, a constitución dunha aula de convivencia inclusiva é un obxectivo a medio prazo, xa que o centro non conta na actualidade cos recursos necesarios para implantala.

É un obxectivo primeiro da comisión de convivencia elaborar o protocolo anteriormente mencionado para que no momento no que o centro conte cos recursos necesarios, se poda implantar a medida, ou ben para que no momento que haxa o protocolo se traten de lograr.

Será función da comisión de convivencia difundir o protocolo entre o profesorado, para poñelo no seu coñecemento e para ofrecerlle a posibilidade de formar parte dos e das docentes que traballen este recurso.

Por último, será tamén función da comisión de convivencia elaborar un plan de formación para que o profesorado interesado en prestar atención educativa na aula saiba como desenvolver este tipo de recurso

4.2 Actuacións para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso

O protocolo de detección, actuación e prevención está recollido e regulado e dispoñible en educonvives.gal na seguinte ligazón:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_xeral_para_a_prevencion_deteccion_e_tratamento_do_acoso_e_ciberacoso_escolar_v.2.pdf

Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este

O elemento formativo fundamental para previr o acoso escolar é o traballo dos titores e titoras, que, coordinados coa Xefatura de Estudos e o departamento de orientación, realizan nas sesión semanais na aula.

No momento actual non se está a desenvolver no centro ningunha campaña especificamente destinada ao tratamento do acoso escolar, se ben Quérote + trata o tema lateralmente.

Ademais durante o curso 2016-17 levouse a cabo, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, un proceso de formación de mediadores para o programa de Mediación entre iguais. Este proceso, que será desenvolvido máis en profundidade nos vindeiros cursos, pode ser un mecanismo moi útil para a detección e a comunicación de posibles casos de acoso. Mesmo nalgúns casos, dependendo da súa natureza e gravidade, poder ser un medio de resolución.

No Plan de Formación Permanente do profesorado iniciado no curso 2017-18 un dos itinerarios esta artellado para o deseño e implantación deste tipo de estratexias, o denominado Hábitos saudables.

Neste grupo de traballo o obxectivo é elaborar un plan integral de centro, que abranga a todos os actores da comunidade educativa (alumnado, pais, nais, titores e titoras, docentes e non docentes), en todas as facetas que teñen que ver coa implantación e fomento de hábitos saudables, nun amplo contexto, como é dende o punto de vista alimenticio, hixiene, exercicio físico, e, por suposto, tamén psicolóxico e social, promovendo hábitos sociais saudables e previndo os non saudables como por exemplo, o acoso. O obxectivo primeiro deste grupo de traballo é definir en que puntos incidir primordialmente, e con que medidas. Deseñar un plan integral e a longo prazo, e posteriormente, implantalo. A primeira fase desa implantación sería, evidentemente, a formación, a través de campañas e obradoiros, e traballo diario, do alumnado, as familias e os traballadores do centro.

Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar

As vítimas de acoso escolar contan con varias canles para poder comunicar a súa situación e pedir axuda ou mediación.

A primeira é a figura do titor ou titora. Deberá ser a canle primeira e fundamental á que

un alumno ou alumna debe recorrer para comunicar calquera tipo de situación non desexada, e a primeira persoa que ten que tentar axudar á vítima, dentro das canles establecidas.

En segundo lugar, o xefe ou xefa de estudos, será a persoa responsable de poñer en marcha os protocolos de actuación ante esta situación, pero será tamén a persoa á que na meirande parte das veces acode o alumnado a manifestar este tipo de problemas. É fundamental que a Xefatura de Estudos actúe de maneira firme e expeditiva nestes casos, pero que ao mesmo tempo sexa algo próximo e non intimidatorio, onde o alumnado poda acudir con total confianza e tranquilidade, sobre todo dado o especial carácter deste asunto.

Unha terceira canle ten que ser o orientador ou orientadora do centro. Dadas as súas funcións é unha persoa que ten un trato de especial confianza cunha parte do alumnado, especialmente con aquela que polas súa situación persoal adoita ser máis frecuentemente vítima do acoso. Ademais, é a persoa con máis amplo coñecemento das situacións persoais e familiares do alumnado.

Por último, as alumnas e alumnos mediadores poderán ser unha canle moi efectiva xa non só de exteriorización do problema, senón tamén unha axuda moi importante para a súa resolución.

Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórlle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan

Tal e como se recolle no protocolo en educonvives.gal:

"Con independencia do resultado da instrución do expediente, unha vez rematado este, a persoa responsable da dirección do centro, tomando en consideración a información aportada, ditaminará as medidas de mellora educativas que hai que adoptar, para o que, se o considera oportuno, poderá solicitar a colaboración do departamento de orientación e da comisión de convivencia do centro.

As medidas que teñan que impoñerse deberán ter un carácter educativo, tendente á reflexión e toma de conciencia dos feitos, ao cambio de actitude e á reparación do dano causado, de ser o caso; ademais terán que garantir o respecto dos dereitos do alumnado e procurar a mellora das relacións de todos os membros da comunidade educativa."

As medidas de protección á presunta vítima, as reeducadoras e correctoras para a persoa agresora, e as tomadas co grupo-clase, o alumnado observador, coas familias e cos docentes, están establecidas no anteriormente mencionado protocolo e polo tanto non se repiten aquí, senón que se poden consultar na ligazón anterior, da Xunta de Galicia, sempre actualizada coas últimas modificacións da normativa.

En todo caso, o protocolo anteriormente mencionado incorpórase como adxunto ao final deste documento.

4.3 Protocolo de Absentismo

O protocolo de absentismo está regulado de xeito oficial e recollido en educonvives.gal e accesible a través da seguinte ligazón:

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_de_absentismo_escolar.pdf

Para garantir o bo funcionamento deste protocolo, dende a Dirección do centro farase especial fincapé en que todo o profesorado rexistre puntualmente todas as faltas de asistencia, e en que o profesorado titor comunique ditas faltas ás familias, tal e como establece o protocolo. Este de nada valerá se non se fai un rexistro axeitado da asistencia.

Por outra banda, no curso 2018-19 implantarase de maneira globalizada o procedemento de comunicación das faltas de asistencia a través da plataforma corporativa Abalar Móbil, gracias á cal as familias poden recibir inmediatamente a comunicación desta información sen esperar ao informe mensual do titor ou titora.

Na seguinte ligazón pódese consultar toda a información corporativa sobre a plataforma Abalar Móbil:

https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/nova/abalarmobil

Por último, os modelos de documento para a tramitación dos sucesivos pasos no caso de ter que instruír un expediente de absentismo, estarán á disposición do profesorado polas seguintes vías:

- Na Xefatura de Estudos do centro.
- Na páxina web do centro.
- Na páxina web de educonvives.gal.
- Como anexos deste documento.

4.4 Actuacións formativas, para o profesorado e a comunidade educativa, establecidas nos plans de convivencia

Formación do profesorado (cursos, seminarios, PFPP)

Durante o curso 2017-18, iniciouse o actual Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP). Tras realizar unha primeira estimación das necesidades do profesorado, deseñouse un plan estruturado en dous itinerarios:

- Utilización das TICS no ámbito educativo
- Hábitos saudables

En ambos itinerarios o obxectivo principal era deseñar plans integrais a modo de marco para seren implantados nos anos sucesivos, tanto dende o punto de vista das necesidades do profesorado, como dende o punto de vista do resto da comunidade educativa.

Durante o curso 2018-19, ditos itinerarios quedaron en suspenso, pois dado que o centro pasou a formar parte da rede de centros plurilungües e por outra parte da rede de centros E-DixGal, de maneira preceptiva débense establecer dous itinerarios no PFPP do centro que teñan que ver coa formación precisa para poder traballar nas dúas novas redes. Deste xeito, durante o curso 2018-19, os dous itinerarios do PFPP serán:

- Introdución ao EVA E-Dixgal

- Metodoloxía CLIL e desenvolvemento da competencia comunicativa.

O primeiro itinerario, que terá continuidade no curso próximo, consta de 9 horas de formación por parte dun relator externo, e un seminario de 30 horas.

No caso do segundo itinerario, constará de 12 horas de formación por parte de dous relatores externos, e dun grupo de traballo de 20 horas de duración.

O PFPP deberá retomar un itinerario dedicado á formación e implantación de medidas que melloren o clima de convivencia no centro. Para detectar o seu estado, pasarase anualmente unha enquisa entre o profesorado e o alumnado e así enfocar cada ano a formación orientada ás principais inquedanzas da comunidade no tema da convivencia. Dita enquisa figura ao final deste documento como anexo, e o seu contido poderá ser revisada anualmente.

5. Normas de convivencia do centro

As normas de convivencia do centro recóllense puntualmente no documento chamado NOFC (Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia, non sendo posible, a meirande parte das veces, separar as normas de convivencia das de funcionamento, xa que unhas inflúen nas outras e viceversa.

Por tanto, as normas en si figuran nese documento e en consecuencia non se detallan neste apartado.

Dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa (alumnado, familias, profesorado, persoal non docente)

Segundo o Real Decreto 732/1995 de 5 de maio, os deberes e dereitos do alumnado son os seguintes:

Son **dereitos do alumnado**:

- Recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade e un ensino de calidade, libre de adoutrinamento no respecto á liberdade de conciencia e ás súas convicciónns éticas ou relixiosas.
- Ter as mesmas oportunidades de acceso a todos os niveis de ensino.
- Ser respectado na súa integridade física, moral e dignidade persoal e non podendo ser, en ningún caso, obxecto de tratos degradantes.
- Ser avaliado obxectivamente e solicitar aclaracións sobre o seu rendemento escolar, no caso de que se considere necesario ou aconsellable.
- Recibir orientación escolar e profesional para conseguir o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional, segundo as súas capacidades, aspiracións ou intereses.
- Realizar a súa actividade académica nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- Ser respectada a súa liberdade de conciencia, as súas convicciónns relixiosas, morais e ideolóxicas, así como a súa intimidade no que respecte a todas elas.
- Participar no funcionamento e na vida do centro, e na xestión dos mesmos.
- A escoller, mediante sufraxio directo e segredo, aos seus representantes no Consello Escolar e aos delegados ou delegadas de grupo.
- Asociarse, creando asociación, federacións e confederacións de alumnos e alumnas.
- Ser informado polos seus representantes no Consello Escolar e delegados ou delegadas.

- Expresarse libremente, sen prexuízo dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o respecto que merecen as institucións de acordo cos principios e dereitos constitucionais.
- Manifestar a súa discrepancia respecto ás decisións educativas que lles afecten. Cando sexa de carácter colectivo deberá ser canalizada a través dos seus representantes.
- Utilizar as instalación dos centros educativos coas limitacións derivadas da programación de actividades escolares e extraescolares e coas precaucións necesarias en relación coa seguridade das persoas, a axeitada conservación dos recursos e o correcto destino dos mesmos.

Son **deberes do alumnado**:

- Estudar e respectar o dereito ao estudo dos seus compañeiros e compañeiras.
- Asistir puntualmente ás clases e participar nas actividades docentes.
- Obedecer respectuosamente as indicacións de calquera docente, en calquera dos espazos e tempos escolares.
- Permanecer no recinto escolar durante a totalidade do horario lectivo.
- Respectar a liberdade de conciencia, relixiosa e moral, así como a dignidade, integridade física e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
- Evitar calquera actitude discriminatoria.
- Permanecer nas súas correspondentes aulas nos períodos lectivos (incluíndo o cambio de clase), non permanecendo nos corredores.
- Acudir ao centro en boas condicións de hixiene e vestimenta.
- Respectar as instalacións e mobiliario do centro, e repoñer os eventuais danos causados.
- Non utilizar dispositivos móbiles nin electrónicos nas aulas, agás os indicados polos docentes cando eles ou elas así o indiquen.

Son **dereitos do profesorado**:

- Ser tratado con corrección e respecto por todos os membros da comunidade educativa.
- Ser informado por quen corresponda dos asuntos que atinxen ao centro en xeral ou a eles en particular.
- Expor iniciativas, suxestións ou problemas ao Equipo Directivo ou ao Consello Escolar.
- Utilizar as instalación do centros coas limitacións derivadas da programación de actividades escolares e extraescolares e coas precaucións necesarias en relación coa seguridade das persoas, a axeitada conservación dos recursos e o correcto destino dos mesmos.
- Promover iniciativas de investigación pedagóxica.
- Exercer os dereitos sindicais recoñecidos na lexislación.
- Participar como electores e elixibles nos órganos de goberno do centro.
- Estar protexido e cuberto de calquera responsabilidade civil por accidentes involuntarios.
- Participar nas actividades de formación que se realicen no centro.
- Constituír asociacións que teñan como finalidade a mellora do ensino e o perfeccionamento profesional, de acordo coas normas vixentes.
- Exercer por tempo limitado as funcións directivas para as que fosen nomeados.

- Ademais dos anteriores, a LOE recoñécelle aos docentes os dereitos de reunión, liberdade de cátedra, neutralidade e respecto ideolóxico e a participar no control e xestión do centro.

Son **deberes do profesorado**:

- Asistir puntualmente e participar activamente nas súas correspondentes clases, sesión de avaliación, gardas e reunións ás que se lle convoque.
- Presentar un escrito acompañado da debida xustificación cando faltou ás súas obrigacións no centro.
- Ser puntual, tanto á entrada como á saída das clases, exames, e resto das súas actividades.
- Controlar a asistencia e puntualidade do alumnado, rexistrando as faltas na aplicación XADE.
- O profesorado titor debe asegurarse de que os/as responsables legais do alumnado reciban a comunicación das faltas de asistencia. É tamén responsabilidade do profesorado titor notificar á Xefatura de Estudos os casos nos que as faltas de asistencia sen xustificación poidan implicar o inicio do procedemento de absentismo escolar, a baixa de oficio ou a perda do dereito á avaliación continua, de acordo coa normativa en vigor. No réxime de persoas adultas, ao non existir a titoría de grupo, todo o profesorado que imparte docencia ten as obrigas indicadas anteriormente para o profesorado titor.
- Educar ao alumnado nun espírito de comprensión, tolerancia e convivencia democrática, respectando a súa conciencia cívica moral e relixiosa, así como a personalidade de cada un ou unha.
- Respectar e facer respectar as normas de organización, funcionamento e convivencia, así como as decisións que sexan adoptadas polos órganos competentes.
- Aceptar os cargos académicos e de investigación para os que sexan designados e o réxime de dedicación que esixa o servizo.
- Asegurar de xeito permanente o seu propio perfeccionamento científico e pedagóxico.
- Cumprir o horario de clases e o calendario de actividades establecidos na Programación Xeral.
- Colaborar cos titores e titoras e co Equipo Directivo en orde á solución de problemas que poidan suceder no centro.
- Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudos.
- Organizar e presidir as sesión de avaliación do que sexa titor ou titora.
- Recibir aos pais, nais, titores ou titoras legais nas horas establecidas para tal fin no seu horario.
- Informar ao equipo directivo de todos aqueles conflitos contra a convivencia dos que sexan testemuña.

Son **dereitos das familias**:

- Solicitar a matriculación dos seus fillos ou fillas no centro.
- Presentar cantos escritos consideren oportunos no rexistro do centro e que estes sexan tidos en consideración.
- Ser recibidas, previa cita, polo profesorado dos seus fillos ou fillas para ser informadas ou escoitadas acerca de asuntos que teñan que ver con eles.

- Ser recibidas, previa cita, pola Dirección ou a Xefatura de Estudos polos mesmos motivos que no apartado anterior.
- Ser tratadas co debido respecto e corrección por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- Ser informadas puntualmente das faltas de asistencia ou das condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas.
- Constituír asociacións de pais, nais, titores e titoras legais.
- Solicitar un espazo no centro educativo para as reunións de dita asociación.
- Ter representación no Consello Escolar do centro.
- Participar da vida escolar.
- Solicitar copias das probas escritas feitas polos seus fillos ou fillas nos termos que se especifiquen nas NOFC do centro.
- Ser informadas dos criterios de corrección e avaliación que lles serán aplicados aos seus fillos ou fillas.
- Autorizar a outras persoas para poder recoller aos seus fillos ou fillas no centro educativo, ou para poder ser informadas en caso de no poder acudir ao centro, nos termos que se establezan nas NOFC.

Son **deberes das familias**:

- Tratar co debido respecto e corrección a todos os membros da comunidade educativa.
- Presentar a solicitude de matrícula para escolarizar aos seus fillos ou fillas en tempo e forma axeitados.
- Presentarse no centro cando sexan requiridas para ser recibidos polo director ou directora, xefe ou xefa de estudos ou o docente titor ou titora.
- Respectar e cumprir as medidas correctoras ou reparadoras derivadas da instrución de procedementos no que estean involucrados os seus fillos ou fillas.
- Proporcionarlles aos seus fillos ou fillas todo aquel material escolar que o profesorado requira para o normal desenvolvemento das clases, dentro das súas posibilidades económicas, ou procurar un medio alternativo de conseguilos.
- Aboar o custo das reparacións ou reposicións dos materiais E-dixgal dos que sexan responsables os seus fillos ou fillas.
- Velar porque os seus fillos ou fillas realicen as tarefas escolares e estuden.
- Proporcionarlles aos seus fillos ou fillas, dentro das súas posibilidades un clima propicio para o estudo.
- Velar porque os seus fillos ou fillas teñan uns hábitos de hixiene saudables e acudan ao centro correctamente vestidos e aseados.
- Informar ao orientador ou orientadora do centro daquelas particularidades da saúde dos seus fillos ou fillas que podan ser importantes para o seu benestar e seguridade e as dos seus compañeiros e compañeiras, sendo respectada a privacidade desta información.

Dereitos e deberes do persoal non docente

Os dereitos e deberes do persoal non docente, como empregados públicos, veñen recollidos no Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

En relación co desempeño das súas tarefas no noso centro educativo, cómpre salientar:

Son **dereitos do persoal non docente**:

- Recibir un trato adecuado, e a ser valorado pola comunidade educativa e pola sociedade en xeral, no exercicio das súas funcións e a que sexan respectados os seus dereitos, especialmente o referido á súa integridade e dignidade persoal.
- Recibir defensa xurídica e protección da Administración pública nos procedementos xudiciais nos que se vexa involucrado como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións, salvo nos casos de conflito coa Administración.

Son **deberes do persoal non docente**:

- Deber de colaboración e comunicación. O persoal non docente, como parte da comunidade educativa, ten o deber de implicarse no proxecto do centro colaborando para establecer un bo clima de convivencia, comunicando á dirección do centro cantas incidencias prexudiquen a convivencia nos centros docentes.
- Deber de cumprimento da lexislación de protección de datos de carácter persoal, seguridade laboral e propiedade intelectual. O persoal non docente ten o deber de cumprir o previsto na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, seguridade laboral e de propiedade intelectual.
- Deber de custodia e sixilo profesional. O persoal non docente ten o deber de custodiar a documentación administrativa, así como gardar reserva e sixilo respecto a actividade cotiá do centro escolar.

Protocolo de detección do incumprimento das normas de convivencia. Documento de constatación dos feitos (art. 37 do D.8/2015)

No caso de que se produzan violacións das normas de convivencia que deveñan en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, os feitos deberán consignarse por escrito, previa tramitación dos procedementos regulados no correspondente apartado deste documento.

O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considerase, agás proba do contrario, acreditación suficiente destes e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade de conformidade co establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa, e deberá conter, cando menos a seguinte información:

a. Lugar, data e hora da comisión dos feitos.
b. Descrición detallada dos feitos ou da omisión dos mesmos que provoca a incoación do procedemento.
c. A norma que se estime infrinxida, sen que isto supoña unha cualificación definitiva.
d. Nome, apelidos, dirección e datos académicos do alumno ou alumna obxecto do procedemento. Se fose menor de idade, tamén os datos identificativos do pai, nai, titor ou titora legal.
e. No seu caso, identificación das persoas que foron testemuña dos feitos ou que puidesen aportar datos de interese para a comprobación dos mesmos.
f. Identificación e sinatura do ou da docente que elabore o documento.

O protocolo de actuación completo está referido no apartado de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia neste mesmo documento

6. Condutas contrarias á convivencia e medidas correctoras a aplicar (Decreto 8/2015, 8 xaneiro)

Do mesmo xeito que no caso dos protocolos anteriores, a Consellería establece o marco normativo para o establecemento de detección, identificación, gradación e corrección das condutas leves contrarias á convivencia e gravemente prexudiciais para a convivencia. Este protocolo está accesible en educonvives.gal a través da seguinte ligazón:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/procedemento_corrector_orientacions_v.2.pdf

Dado que nese documento se atopa o protocolo completamente desenvolvido, non se copia a continuación senón que se engade ao final deste documento como un anexo. De todos os xeitos, dada a especial relevancia do seu contido, de seguido especifícase a tipificación de condutas contrarias á convivencia e as medidas correctoras.

Responsabilidade do profesorado

Cando un membro de equipo docente sexa testemuña dun acto que, por parte de algún alumo ou alumna, constitúe algún tipo de conduta contraria á convivencia, deberá poñelo en coñecemento do xefe ou xefa de estudos, o antes posible. Se fose o caso, debería cumprimentar o impreso de comunicación de incidencias no que deberá detallar a identidade do docente que informa e do alumno ou alumna que infrinxan algunha norma, o lugar, data e hora exactos, o tipo de infracción (marcar un ou varios na lista) e describir os feitos con precisión.

É unha obriga de todo docente informar dos feitos dos que sexa testemuña ou prestar dita testemuña se é requirido para tal fin. Calquera docente poderá informar sobre calquera alumno ou alumna e calquera situación. Non se restrinxe ao seu alumnado ou ás súas clases.

O impreso de recollida desta información xúntase a este documento como anexo. Dito impreso estará dispoñible para o profesorado nas seguintes vías:

- Nunha bandexa na sala de profesores.
- En Xefatura de Estudos .
- Na páxina web do centro.
- Como anexo a este documento.

Ámbito de corrección

Deben corrixirse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto, así como durante o período de transporte escolar.

Así mesmo, poderán corrixirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten a outros membros da comunidade educativa.

Tipos de condutas contrarias á convivencia

As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:

- Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
- Condutas leves contrarias á convivencia.

De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia, consonte o establecido no artigo 38 do Decreto 8/2015.

Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do Centro, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberao pór en coñecemento da Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas. O modelo e o procedemento para trasladar esa información e coordinar as actuación pertinentes facilitarase de conformidade co establecido no artigo 28.2 do Decreto 8/2015.

6.1 Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección

Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro as que se enumeran a continuación:

a. As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b. Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, etnia, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, convicccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d. A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e. A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio da imaxe, a voz ou calquera outro tipo de información dalgún membro da comunidade educativa sempre que non se conte co seu consentimento expreso.

f. As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.

g. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

h. Os danos graves causados de forma intencionada ou por neglixencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

i. Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

j. As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.

k. Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.

l. A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

m. O incumprimento das sancións impostas.

Medidas correctoras

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a. Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

b. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do Centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

c. Cambio de grupo.

d. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f. Cambio de centro.

Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas liñas e) ou f) do punto anterior.

A medida correctora de cambio de centro terá carácter excepcional:

- Esta medida correctora non poderá proporse ao alumnado que curse a ensinanza obrigatoria cando na localidade onde se sitúa o seu centro ou na súa localidade de residencia non exista outro centro docente que imparta as ensinanzas que curse.
- A proposta de cambio de centro poderá supor o cambio de réxime, de modalidade ou de materia.
- Cando a persoa instrutora dun procedemento corrector propoña á persoa responsable da dirección do centro a imposición a unha alumna ou a un alumno da medida correctora de cambio de centro, a dirección deberá comprobar que se cumpran os requisitos establecidos nos puntos precedentes deste artigo e, logo da comprobación de tales circunstancias, comunicará inmediatamente a proposta á xefatura territorial correspondente, con achega do expediente do dito procedemento corrector.
- A xefa ou o xefe territorial correspondente, logo de analizar o caso e tendo en conta o informe da Inspección Educativa, autorizará, de ser o caso, mediante resolución, a

aplicación da medida correctora de cambio de centro. No caso de non ser autorizada a proposta, a dirección do centro deberá modificala e aplicar outras medidas correctoras.

Aplicación das medidas correctoras

A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, imporá as correccións enumeradas no artigo 39 deste capítulo de conformidade cos procedementos previstos no capítulo IV do título III do Decreto 8/2015.

Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a Dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

Procedemento de aplicación das medidas correctoras

A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común.

Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.

Correspóndelle á Dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.

A Dirección do centro informará ao titor ou titora da alumna ou alumno corrixida/o e ao Consello Escolar das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que fosen corrixidas.

No centro docente quedará constancia da corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia coa finalidade de apreciar a reincidencia de condutas, de ser o caso.

Determinación do procedemento de corrección

A Dirección do centro, unha vez que teña coñecemento dos feitos ou condutas que vaian ser corrixidos, se o considera necesario, poderá acordar a apertura dun período de información previa, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas en que se produciu a conduta que se vai corrixir e a oportunidade ou non de aplicar o procedemento conciliado. Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de dous días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos.

A Dirección do centro, asesorado, de ser o caso, pola persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación e polo profesorado titor/a da alumna ou do alumno a que se vai corrixir, analizará e valorará a conduta producida tendo en conta como se produciu, a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais da/o alumna/o e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.

Ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, a Dirección, á vista das repercusións que a conduta da alumna ou do alumno puidese ter na convivencia escolar, poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos.

Á vista das conclusións obtidas na valoración, a Dirección do centro determinará o procedemento de corrección máis axeitado para cada caso, tendo presente que, sempre que concorran as circunstancias necesarias, propiciarase a corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia mediante o procedemento conciliado. Así mesmo, sempre

que sexa posible, deberá intentarse a conciliación entre a alumna ou o alumno e os outros membros da comunidade educativa cuxos dereitos fosen lesionados, e a reparación voluntaria dos danos materiais ou morais producidos.

Inicio do procedemento de corrección

No prazo de tres días lectivos, contados desde que se tivo coñecemento da conduta merecedora de corrección, a Dirección do centro notificaralle esta por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e se cumpran os requisitos exixidos para iso daralles a posibilidade de corrixila mediante o procedemento conciliado, informándoos das súas peculiaridades e das obrigas que comporta. Noutro caso, notificaráselles a utilización do procedemento común para a súa corrección.

Nos casos en que se lles ofrecese á alumna ou ao alumno ou ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e a posibilidade de corrección da conduta mediante o procedemento conciliado, estes comunicarán por escrito á dirección do centro a aceptación ou non deste procedemento no prazo dun día lectivo seguinte á recepción da notificación. De non comunicárselle nada á dirección do centro nese prazo, aplicaráselle o procedemento común.

Independentemente do procedemento de corrección que se vaia utilizar, a Dirección do centro educativo designará unha persoa docente para que actúe como instrutora ou instrutor do procedemento corrector.

A Dirección do centro educativo deberá encomendar a instrución dos procedementos correctores ao profesorado que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa e, a ser posible, que teña experiencia ou formación en convivencia escolar, mediación e resolución de conflitos no ámbito escolar. En todo caso, corresponderá aos centros educativos concretar nas normas de organización e funcionamento do centro os criterios polos que se realizará a dita designación.

A persoa instrutora terá as seguintes funcións:

a. Practicar cantas dilixencias considere pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.

b. Custodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.

c. Propor á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar e, se proceden, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 do Decreto 8/2015.

d. Propor á Dirección do centro o arquivo das actuacións se logo das indagacións realizadas considera que non procede corrixir a conduta.

e. A incoación do procedemento, así como a súa resolución, notificaranse na forma prevista no artigo 37, números 3 e 7, deste do Decreto 8/2015 e comunicaráselle á Inspección Educativa.

Procedemento común

O procedemento común de corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro utilizarase cando a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por el, ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado.

O procedemento común require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto no Decreto 8/2015.

Desenvolvemento do proceso común

A persoa responsable da tramitación deste procedemento corrector será unha persoa docente do centro designada como persoa instrutora.

A persoa instrutora deberá precisar no expediente o tipo de conduta da alumna ou do alumno, así como a corrección que corresponde en función dos feitos probados, das circunstancias concorrentes e do seu grao de responsabilidade.

A persoa instrutora disporá de cinco días lectivos para a instrución do procedemento corrector, contados a partir da súa designación.

Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará a proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou ao alumno e, se fose menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, convocándoos a unha comparecencia que terá lugar no prazo máximo de tres días lectivos contados a partir da recepción da citación. Na referida comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirase acta.

Protocolo de instrución do procedemento

Os modelos de actas e comunicación deste proceso estarán dispoñibles no sitio web do instituto e como anexos a este documento.

1. Comunicación á Xefatura de Estudos . A persoa coñecedora de que se produciu unha conduta gravemente prexudicial á convivencia o comunicará á Xefatura de Estudos . O xefe ou xefa de estudos redactará un documento no que se especifique a situación referida, datándoo e asinándoo.
2. Elección da persoa instrutora. O director ou directora escollerá á persoa que levará a cabo a instrución de acordo co procedemento referido no apartado 6.3 deste documento.
3. Comunicación do inicio do procedemento. O xefe ou xefa de estudos comunicará o inicio do procedemento:
   a. Ao pai, nai, titor, ou titora legal (se o alumno ou alumna é menor) ou ao alumno ou alumna (se é maior de idade), por escrito, con carta certificada con acuse de recibo.
   b. Ao docente titor ou titora, verbalmente.
   c. Á persoa encargada da instrución, verbalmente. Se lle facilitarán todo tipo de medidas e explicacións para axudala neste proceso.
   d. Á inspección educativa, por correo electrónico.
   e. O docente titor ou titora informará á familia telefonicamente e ao alumno ou alumna persoalmente.
4. Citación aos representantes legais e ao alumno ou alumna. Faranse dúas citacións; a primeira para explicar o proceso aos implicados, e a segunda para a entrevista para esclarecemento dos feitos.
   a. O xefe ou xefa de estudos citaraos por escrito para a explicación do proceso, mediante carta certificada con acuse de recibo.
   b. A persoa instrutora citaraos por escrito para o esclarecemento dos feitos.
   c. O docente titor ou titora comunicaralles telefonicamente que recibirán ditas citacións. En caso de que sexa imposible realizar o contacto telefónico por non coller a chamada os representantes, o docente titor ou titora realizará varias chamadas co sistema de maos libres, cunha persoa como testemuña, e levantará acta da imposibilidade de realizar a comunicación.
5. Entrevista co xefe ou xefa de estudos. Nesta primeira cita explicaráselle á familia e ao alumno ou alumna en que consistirá o proceso. Deberase levantar acta referindo se as persoas implicadas comparecen ou non, e asinarán conforme foron informadas do proceso.

6. Entrevista coa persoa instrutora. O alumno ou alumna implicado, en presenza do seu pai, nai, titor ou titora legal se entrevistarán coa persoa instrutora co fin de esclarecer os feitos. Se os proxenitores ou representantes legais do alumno ou alumna non se presentaran á cita, a entrevista deberá realizarse en presenza dunha terceira persoa como testemuña do alumno ou alumna, preferentemente a persoa titular do departamento de orientación ou da Dirección do centro. Deberase levantar acta da comparecencia das persoas e dos feitos descritos. Todos os comparecentes asinarán dita acta.
7. Entrevista con outras partes afectadas ou testemuñas. A persoa instrutora entrevistarase coas persoas que considere que poden aportar información relevante para esclarecer os feitos. Levantarase acta que asinarán os comparecentes.
8. Proposta de resolución da persoa instrutora. Logo de finalizar todas as entrevistas, e á vista dos feitos relatados, a persoa instrutora trasladará á Xefatura de Estudos un escrito onde figuren claramente:
   a. Os feitos que provocaron a adopción de medidas.
   b. En que medida quedan esclarecidos ou non.
   c. Unha proposta razoada de medidas correctoras da conduta.
   d. Unha proposta razoada de medidas reparadoras.
9. Resolución do procedemento. Logo de recibir e considerar a proposta de medida correctora trasladada pola persoa instrutora, a Dirección do centro, conxuntamente coa Xefatura de Estudos acordarán as medidas correctoras da conduta e as medidas reparadoras.
10. Comunicación da resolución. O xefe ou xefa de estudos:
    a. O xefe ou xefa de estudos citará ao pai, nai, titor ou titora legal en Xefatura de Estudos para a comunicación da resolución do procedemento.
    b. O xefe ou xefa de estudos comunicará os termos da resolución verbalmente ao docente titor ou titora.
    c. O director ou directora comunicará os termos da resolución ao pai, nai, titor ou titora legal persoalmente e tamén por escrito mediante carta certificada con acuse de recibo. Deberase informar ás persoas proxenitoras ou representastes legais e ao alumno ou alumna da posibilidade de presentar alegacións contra a resolución.
11. Presentación de alegacións. Dentro dun prazo máximo de dous días, o pai, nai, titor, ou titora legal do alumno ou alumna, ou este ou este de ser maior de idade, poderá presentar unha alegación contra a resolución mediante escrito dirixido á Dirección do centro.
12. Comunicación á Inspección educativa. O xefe de estudos comunicará a finalización do procedemento e os termos deste á Inspección educativa por correo electrónico.
13. Execución das medidas correctoras e reparadoras. As medidas correctoras e reparadoras que se acordasen realizar, deberanse levar a cabo inmediatamente despois de finalizado o proceso de instrución.

Resolución do procedemento de corrección

1. Á vista da proposta da persoa instrutora, a Dirección do centro ditará a resolución escrita do procedemento de corrección, que considerará polo menos os seguintes contidos:

a. Feitos probados.

b. De ser o caso, circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade.

c. Medidas correctoras que se vaian aplicar.

d. Posibilidade de solicitar ante o consello escolar, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.

2. A dirección do centro notificaralle por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e a resolución adoptada no prazo dun día lectivo a partir da recepción da proposta da instrutora ou do instrutor, e remitiraa á xefatura territorial correspondente.

3. As correccións que se impoñan por parte da dirección do centro en relación coas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poderán ser revisadas polo consello escolar por instancia das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es, de acordo co establecido no artigo 127.f) da Lei Orgánica 2/2006, para os centros públicos.

4. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

5. As correccións que se impoñan por este procedemento serán inmediatamente executivas.

Solicitude de revisión e execución de medidas

As alumnas ou os alumnos ás/aos cales se lles apliquen as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia recollidas nas alíneas g) e h) do artigo 43 do Decreto 8/2015 ou, de ser o caso, se fosen menores non emancipadas ou emancipados, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á Dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.

A resolución que impoña algunha das medidas correctoras a que se refire o número 1 deste artigo, así como as restantes recollidas no artigo 43 do Decreto 8/2015, pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.

6.2 Condutas leves contrarias á convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección

Condutas leves contrarias á convivencia

Segundo o artigo 42 do Decreto 8/2015, as condutas leves contrarias á convivencia son:

a. As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa no apartado a), os actos de discriminación do apartado b), os actos de indisciplina do apartado c), os danos do apartado g), os actos inxustificados do apartado h) e as actuacións prexudiciais descritas no apartado i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto (os apartados listados nas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia).

b. Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo co apartado j) do artigo 15 da Lei 4/2011.

c. A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.

d. A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

Medidas correctoras

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

a. Amoestación privada ou por escrito.

b. Comparecencia inmediata ante o xefe ou xefa de estudos.

c. Realización de traballos específicos en horario lectivo.

d. Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.

e. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.

f. Cambio de grupo por un período de ata unha semana.

g. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

h. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Responsables da aplicación das medidas correctoras

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

a. O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta ao xefe ou xefa de estudos, no caso das medidas previstas nos apartados a), b) e c) do artigo 43 do Decreto 8/2015.

b. A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta aso xefe ou xefa de estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 43 do Decreto 8/2015.

c. O xefe ou xefa de estudos, ou a director ou directora do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 43 do Decreto 8/2015.

d. O director ou directora do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 43 do Decreto 8/2015. A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

6.3 Criterios para a elección do instrutor (Procedemento común)

É competencia do director ou directora do centro nomear a persoa instrutora. Como norma xeral, para a súa elección seguirá o seguinte protocolo.

A elección dos instrutores ou instrutoras realizase por orde alfabética, a partir da persoa

que fose instrutora do último procedemento. No caso de ser o primeiro procedemento instruído no curso escolar, se tomará como referencia a última persoa instrutora do curso anterior.

Non poderán ser instrutores ou instrutoras as seguintes persoas:

- En ningún caso:
  - Profesorado substituto.
  - Os integrantes do equipo directivo.
- En cada caso particular:
  - Os familiares de ata cuarto grao da persoa sobre a que se establece o procedemento.
  - No caso de que a causa do procedemento estea relacionado con algún docente, ese ou esa docente non poderá ser instrutor.
  - As persoas que, pola súa circunstancia persoal ou relación coa persoa obxecto do procedemento, a dirección estime que non deba ser instrutora.

Se a persoa designada para instruír o expediente está nunha situación especial, tanto persoal como pola súa relación coa persoa obxecto do expediente, poderá presentar unha alegación ao director ou directora solicitando non ser nomeada. En caso de que o director ou directora estime procedente a súa alegación procederá a nomear a outro instrutor ou instrutora.

En caso de ser nomeada unha persoa incluída nunha destas excepcións, nomearase á seguinte segundo a orde alfabética, e a persoa eximida das funcións de instrución será nomeada para o seguinte procedemento que teña lugar.

6.4 Gradación das medidas correctoras

Para a gradación das medidas correctoras previstas nos artigos 39 e 43 do Decreto 8/2015 tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

a. Recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.

b. A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.

c. A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.

d. A natureza dos prexuízos causados.

e. Carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

6.5 Procedemento conciliado

O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar que a corrección educativa sexa inmediata.

O procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos:

a. Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.

b. No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.

O procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:

a. Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.

b. Cando a persoa agraviada ou, para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.

c. Cando a alumna autora ou o alumno autor da conduta ou, de ser menor de idade non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.

d. Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.

O procedemento conciliado require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto no Decreto 8/2015.

Desenvolvemento do proceso conciliado

1. Cando a alumna ou o alumno ou, de ser menor non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará á persoa docente designada como instrutor/a do procedemento corrector e ás persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.

2. Na reunión, a persoa instrutora recordaralles ás afectadas e aos afectados ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá á alumna ou alumno e, de ser o caso, ás persoas ou representantes legais desta/e que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.

3. Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, proporá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.

4. A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.

5. Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 do Decreto 8/2015. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agraviada

ou, de ser menor non emancipado/a, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a.

6. O acordo consensuado polas partes será ratificado pola persoa que exerza a Dirección do centro.
7. O incumprimento por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común.
8. O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común desenvolvido conforme o previsto no artigo 53 do Decreto 8/2015.

Intervención dunha persoa mediadora no procedemento conciliado

En caso de que o director ou a directora estime oportuno, en función da gravidade ou complexidade dos feitos, ou por concorrer circunstancias especiais referentes ás persoas involucradas, poderá nomear a unha persoa mediadora, que polas súas características persoais, formativas, ou relación coas persoas implicadas poda ser de gran axuda para o desenvolvemento do proceso.

A persoa mediadora non substituirá á instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.

As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as seguintes:

a. Contribuír ao proceso de conciliación.
b. Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.
c. Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.

6.6 Prescrición de condutas e de correccións (art. 56)

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes, tipificadas no Decreto 8/2015, prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.

En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.

As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

6.7 Reparación de danos causados

O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por neglixencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os

equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos nos dous parágrafos anteriores é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

6.8 Compromisos educativos para a convivencia

En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, mesmo cando non haxa conciliación por non ser aceptadas as desculpas pola persoa ou persoas prexudicadas, poderase suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se a alumna ou o alumno corrixida ou corrixido ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e asinan un compromiso educativo para a convivencia.

Nun compromiso educativo para a convivencia deberá figurar de forma clara e detallada:

- A que se compromete a alumna ou o alumno.
- De ser o caso, a que se comprometen as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e.
- As actuacións de formación para a convivencia, prevención e de modificación de condutas, que aquelas/es se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención de institucións, o centro ou persoas axeitadas.
- Os mecanismos de comunicación e coordinación co centro.

A falta de cumprimento dos compromisos adquiridos por parte da alumna ou do alumno ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.

A Xefatura de Estudos establecerá nunha reunión co alumnado e, de ser o caso, coas persoas proxenitoras ou representantes legais destes/as na que lles explicará con todo detalle:

- Cales son os obxectivos do compromiso educativo para a convivencia.
- Cales son as actuacións concretas que o alumno ou alumna comprométese a realizar.
- De ser o caso, cales son as actuacións que as persoas proxenitoras ou representantes legais comprométense a realizar.
- Cales son os indicadores de logro para avaliar se se cumpriron os obxectivos.
- O calendario temporal para a execución do procedemento.

A Xefatura de Estudos redactará un documento no que conste toda a información anteriormente citada, e que especifique claramente cales son os compromisos, e que o alumno ou alumna, e de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais destes/as asinarán, deixando deste xeito constancia escrita deste compromiso.

Por último, na data establecida en dito documento, o xefe ou xefa de estudos reunirase de novo co alumno ou alumno, e de ser o caso, coas persoas proxenitoras ou representantes legais destes/as, para analizar o cumprimento de dito compromiso e cancelar ou retomar as medidas correctoras interrompidas durante a realización do compromiso educativo.

7. Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro

Segundo se establece no artigo 6 do decreto 8/2015 de convivencia e participación da comunicade educativa en materia de convivencia escolar, a comisión de convivencia de cada centro constituirase no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar.

Composición da comisión de convivencia.

A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta por representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal non docente, e deberá actualizar a súa composición cando se produza unha renovación do Consello Escolar. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións.

No Consello Escolar ordinario do 29 de xaneiro de 2020, acordouse a seguinte composición:

- José Manuel Puente Rey, director do centro.
- Laura Neira Rodríguez, representante do profesorado.
- Telmo Leira Loureiro, representante do alumnado
- José Antonio Castaño Gestoso, representante do P.A.S.
- José Manuel Blanco Sanmartín, representante dos Pais/Nais/Titores legais.

Funcionamento da comisión de convivencia.

A comisión de convivencia manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Funcións da comisión de convivencia.

A comisión de convivencia exercerá, por delegación do consello escolar, as seguintes funcións:

- Elaborar o plan de convivencia do centro.
- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia.
- Seguimento do cumprimento efectivo das medidas correctoras, e dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual.

8. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros

educativos ou organismos do contorno

No ámbito da convivencia resultan extremadamente relevantes os mecanismos de coordinación e colaboración interna á propia comunidade educativa. Por esta razón, cobra importancia o traballo do profesorado-titor (inscrito dentro do Plan de Acción Titorial), que aborda en primeira instancia os conflitos que xorden no día a día e que lle trasladan tanto o grupo de docentes como os discentes.

En segundo lugar, hai que destacar a hora semanal de coordinación de titorías que coordina o labor titorial dos distintos cursos dun mesmo grao da ESO e da FPB. Nesa xuntanza participan o orientador e o xefe de estudos.

Este organismo de coordinación serve tamén como canle de comunicación por mediación dos titores, do xefe de estudos ou do coordinador coas familias e os servizos sociais. Tamén hai que salientar a relevancia que adquire neste ámbito a Comisión de convivencia do consello escolar.

Respecto da colaboración e coordinación con institucións e asociacións externas, débense mencionar que se realizarán contactos puntuais e a comunicacións, de xeito persoal, telefónico e a través de e-mail cos departamentos de educación, sanidade e servizos sociais dos concellos da comarca, especialmente o de A Estrada, a Garda Civil e a Policía Municipal, e os outros centros de ensino de primaria e de secundaria da localidade, preferentemente, o CEIP Figueiroa e o IES Nº1.

9. Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia

Utilizaranse as seguintes estratexias que poden contribuír a que toda a comunidade escolar teña coñecemento do Plan de convivencia:

- O Plan de convivencia do centro estará dispoñible para todos os membros da comunidade educativa.
- Engadirase un cuestionario a este documento para recoller a opinión dos destinatarios do documento en relación co seu contido ea súa utilidade, así como solicitar propostas para a mellora da convivencia e fomentar o sentimento de pertenza ao centro.
- Nas reunións do inicio do curso comentaranse con familias, estudantes, claustro, asociación de pais e nais, os aspectos máis relevantes do mesmo e a súa concreción anual.
- Planificar actividades, a nivel de centro, de grupo de clase, nas diferentes estruturas do centro, para tratar aspectos incluídos no Plan de Convivencia, como: Normativa, protocolos de acción, actividades preventivas, bibliografía, trípticos, charlas, escola para pais, etc.
- Incluír nas programacións didácticas actividades para o coñecemento dos documentos que regulan a organización do centro, e especificamente, o Plan de convivencia.
- Colgar no sitio web do centro o Plan de convivencia e abrir a posibilidade de opinións, suxestións e propostas.

Para familias

- A través dos seus representantes no Consello Escolar, as familias poden facer contribucións ao Plan de convivencia.

Para o alumnado

- Incluír dentro do Plan de Acción Titorial a difusión do Plan de convivencia, a través de diferentes actividades.

Para o claustro

- Dentro do plan de acollida do profesorado incluirase a difusión e explicación do Plan de convivencia.

10. Procesos de seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan de convivencia

Seguimento e avaliación

O seguimento periódico e sistemático do Plan de convivencia será efectuado pola Comisión de convivencia. Nesa comisión están representados todos os sectores da comunidade educativa e serán os seus membros os encargados de recoller a información de cada un dos seus estamentos para a súa análise, valoración e propostas de realizar os axustes necesarios de xeito inmediato.

A comisión de convivencia, ao final de cada curso, elaborará a correspondente memoria do Plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O consello escolar, aprobará ao final de cada curso escolar a memoria do plan de convivencia elaborada pola comisión de convivencia. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

Criterios de avaliación e documentos

Para avaliar o Plan de convivencia tómanse como referente as actuacións desenvolvidas. Cada unha delas contará con diferentes responsables e uns prazos concretos. Rematados os prazos, analízase o grao de consecución. Para sistematizar e axilizar a avaliación e o seguimento do Plan, deseguido figuran os documentos modelo que se poden empregar:

Criterios de avaliación anual do Plan de convivencia

Criterios	Cuestións que se deben ter en conta
1. Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior	1. Existen informes anuais nos que se recollan clasificados os conflitos detectados? 2. Como se considera a evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior? 3. Os obxectivos do plan de convivencia determínanse a partir de informes anuais e outras evidencias contrastables?
2. Alcance do Plan de convivencia	1. Recolle valores e actitudes (acollida, coeducación, competencia social, comunicación, educación emocional, educación para a paz, inclusión, mediación, símbolos identitarios)? 2. Recolle resolución de conflitos (absentismo, conflitos leves, conflitos graves)? 3. Afecta á organización escolar (estrutura e xestión dos recursos, participación, normas)?
3. Cumprimento dos obxectivos propostos no Plan de convivencia	1. Alcanzáronse os obxectivos propostos no plan de convivencia? 2. O plan de convivencia deu resposta a aspectos que inciden na convivencia escolar nos tres ámbitos de actuación (aula, centro e contorno)?
4. Renovación do Plan de convivencia	1. Existe un procedemento de renovación anual do plan de convivencia? 2. O plan avalíase anualmente e fanse propostas de mellora?
5. Desenvolvemento das actividades incluídas no Plan de convivencia	1. Faise un seguimento periódico do plan? 2. As actividades desenvolvéronse coa temporalización prevista? 3. O desenvolvemento das actividades produciu os efectos esperados?

6. Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa	1. Cal é o grao de implicación do profesorado na prevención e resolución de conflitos? 2. Cal é o grao de implicación do persoal non docente na prevención e resolución de conflitos? 3. Implicouse o alumnado nas actuacións de mediación? 4. Cal foi o grao de colaboración das familias nas diferentes actuacións de corrección levadas a cabo no centro?
7. Funcionamento da Comisión de convivencia do centro	1. Cantas veces se reuniu ao longo do curso? 2. Cales foron os principais temas tratados? 3. Realizou o seguimento do plan de convivencia? 4. Colaborou na planificación de medidas preventivas e na resolución de conflitos no centro?
8. Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia	1. Existe a figura de coordinador da convivencia no centro? 2. Dáse resposta ás súas necesidades formativas? 3. Cal foi a colaboración do/a xefe/a de estudos, dos/as titores/as e da comisión de coordinación pedagóxica co departamento de orientación no desenvolvemento das actividades previstas no plan de convivencia? 4. Cal foi a colaboración do/a xefe/a de estudos, dos/as titores/as e da comisión de coordinación pedagóxica co departamento de orientación no desenvolvemento na aplicación do plan de acción titorial? 5. Cal foi o grao de colaboración e coordinación do departamento de orientación e o EOE?
9. Actividades formativas á comunidade educativa para mellora da convivencia	1. Realizáronse actividades formativas dirixidas á mellora da convivencia? 2. Cal foi a resposta e a implicación nas actividades dos diferentes sectores da comunidade educativa?
10. Existencia e coñecemento de protocolos propios de actuación en situacións de conflito, incluíndo condutas reprobables acaecidas fóra das aulas, en función de características específicas	1. Existen protocolos claros e definidos de actuación? 2. Recóllense nestes os documentos nos que o profesorado formalice por escrito os feitos constatados? 3. Existe un procedemento de actualización dos protocolos? 4. Os ditos protocolos son coñecidos e as versións actualizadas están á disposición de todos os membros da comunidade educativa afectados por eles?
11. Existencia, e coñecemento, de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso	1. Existen protocolos claros e definidos de actuación? 2. Inclúen estes protocolos o illamento ou baleiro social e o acoso informático? 3. Recóllense neles os documentos nos que o profesorado formalice por escrito os feitos constatados? 4. Os ditos protocolos son coñecidos por todos os membros da comunidade educativa? 5. A dirección do centro nomea a unha persoa responsable da atención á vítima?
12. Existencia dun protocolo de funcionamento da aula de convivencia inclusiva	1. Existe un protocolo? 2. Hai profesorado nomeado especificamente para a organización e atención da aula de convivencia? 3. Está elaborado, e utilízase na aula de convivencia, un programa de habilidades sociais?
13. Existencia de procedementos conciliados de resolución dos conflitos	1. Existe máis dun procedemento conciliado de resolución de conflitos de convivencia? 2. O alumnado e as familias solicitan utilizar procedementos conciliados? 3. Cando se utilizaron os ditos procedementos, favoreceron a resolución do conflito?
14. Existencia e coñecemento de propostas de acción específicas encamiñadas a favorecer a inclusión, así como a mellora da convivencia a través do éxito académico	1. Existen protocolos de actuación ante o absentismo e o abandono escolar temperán? 2. Existen mecanismos de detección temperá nos casos de desatención familiar ou situacións externas ao centro que teñan repercusión sobre a escolarización do alumnado? 3. Entre os obxectivos do plan de convivencia recóllese favorecer os cambios metodolóxicos que potencien o éxito académico? 4. Demandáronselles propostas de actuación para a mellora do éxito académico aos departamentos didácticos e á comisión de coordinación pedagóxica? 5. Os departamentos didácticos e a comisión de coordinación pedagóxica fixeron propostas neste sentido? 6. Desenvolvéronse accións específicas encamiñadas a favorecer a inclusión
15. Existencia dun programa específico para o desenvolvemento da competencia social e cidadá	1. Está elaborado o programa de habilidades sociais? 2. Trátase de forma transversal a competencia social e cidadá? 3. Elabóranse programas nos que se traten contidos como aprender a pensar, educación emocional, educación en valores e habilidades sociais?
16. Valoración global da situación da situación da convivencia escolar no centro	1. Establecéronse mecanismos para medir o grao de satisfacción da comunidade educativa coa situación da convivencia no centro? 2. Cal é o grao de satisfacción da comunidade educativa en relación coa convivencia no centro? 3. Cales son as propostas de continuidade e mellora?

Modelo de informe de seguimento e avaliación anual do Plan de convivencia

Criterio	Puntuación (0 a 10 ptos)	Observacións
1. Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior Moi negativa: 0 Moi positiva: 10		

2. Alcance do plan de convivencia Non hai plan: 0 Alcance moi amplo:10		
3. Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia Non se cumpriu ningún: 0 Cumpríronse todos:10		
4. Renovación do plan de convivencia Non se renova: 0 Renóvase anualmente:10		
5. Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia Non se desenvolveu ningunha: 0 Desenvolvéronse todas: 10		
6. Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa Non hai implicación: 0 Implicación total: 10		
7. Funcionamento da Comisión de convivencia do centro Moi deficitario: 0 Excelente:10		
8. Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia Non existiu coordinación: 0 A coordinación foi moi alta: 10		
9. Actividades formativas para membros da comunidade educativa dirixidas á mellora da convivencia Non existen: 0 Fixéronse un gran número: 10		
10. Existencia, e coñecemento, de protocolos propios de actuación en situacións de conflito, incluíndo condutas reprobables acaecidas fóra das aulas, en función de características específicas Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia:10		
11. Existencia, e coñecemento, de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso? Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia:10		
12. Existencia dun protocolo de funcionamento da aula de convivencia inclusiva. Non existe: 0 Existe e é moi eficaz: 10		
13. Existencia de procedementos conciliados de resolución dos conflitos Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10		
14. Existencia, e coñecemento, de propostas de acción específicas encamiñadas a favorecer a inclusión, así como a mellora da convivencia a través do éxito académico Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10		
15. Existencia dun programa específico para o desenvolvemento da competencia social e cidadá Non existe: 0 Existe e é moi eficaz: 10		
16. Valoración global da situación da situación da convivencia escolar no centro Moi negativa: 0 Moi positiva: 10		
PUNTUACIÓN TOTAL		